





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Parlamentarias

Pazo de Raxoi  
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 49 19



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita número.: **30900**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Cristina Ferreiro López e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“a utilización de topónimos galegos deturpados por parte do Servizo Galego de Saúde ( Sergas).”**, (publicada no BOPG núm.: 598 do 3 de setembro de 2008), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde, ten asinado con data 1 de xullo deste ano, dous convenios de colaboración para a cobertura da asistencia sanitaria a menores estranxeiros acollidos durante o verán por familias da nosa Comunidade Autónoma.

As asociacións asinantes son a ‘Asociación Leticia Cativa’ e a ‘Asociación Galega co Pobo Saharai’, que xestionan a acollida temporal de nenos e nenas procedentes de certas rexións da Federación Rusa e de campamentos de refuxiados de Tinduf (Arxelia), respectivamente.

O Servizo Galego de Saúde non intervén na elaboración das listaxes nin de menores acollidos nin de familias acolledoras, pois son as respectivas asociacións convenientes as que deben facilitar e remitir estes datos, que simplemente se incorporan como anexo aos respectivos textos dos convenios que se elaboran e informan polos servizos xurídicos competentes.

O Servizo Galego de Saúde non ten introducido nin utiliza outros topónimos que non sexan os aprobados oficialmente.

Únicamente nun dos convenios asinados con data 1 de xullo, tense detectado que a asociación conveniente aportou datos que conteñen



topónimos que non se corresponden cos oficiais, sendo tal erro alleo á actuación do Servizo Galego de Saúde.


No que atinxe aos actos concretos de cumprimento do convenio por parte do Servizo Galego de Saúde, non se teñen empregado en ningún caso os topónimos erróneos aportados, pois as tarxetas sanitarias expedidas son de carácter nominal e non consta o lugar de residencia do menor acollido.

No sucesivo, informarase ás asociacións convenientes para que, no momento de elaborar as listaxes que deben remitir ao Servizo Galego de Saúde, poñan especial coidado no uso dos topónimos recoñecidos como oficiais na nosa Comunidade Autónoma.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2008

O director xeral de Relacións Parlamentarias



Manuel Guillermo Varela Flores

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia